



Ref.- AEG/axps
675/16

ACORDO BILATERAL ENTRE OS CENTROS DE TRANSPLANTE DE PROXENITORES HEMATOPOYÉTICOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN INTERNACIONAL JOSEP CORRERAS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Internacional Josep Carreras, teñen previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos desde a data da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto formalizar e regular a relación entre a Fundación Internacional Josep Carreras e os Centros de transplante de Proxenitores Hematopoyéticos das que dispón o Servizo Galego de Saúde nos seus Complexos Hospitalarios Universitarios de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, de conformidade co esixido no art 11.3 do Real Decreto-Lei 9/2014, de 4 de xullo, polo que se establecen as normas de calidade e seguridade para a doazón, obtención, a avaliación, o procesamento, a preservación, a almacenaxe e a distribución de células e tecidos humanos e se aproban as normas de coordinación e funcionamento para o seu uso en humanos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Fundación Internacional Josep Carreras para a loita contra a leucemia mantén e xestiona o Rexistro de Doadores de Médula Ósea ("REDMO") recoñecido polo Ministerio competente en materia de Sanidade. Este rexistro está integrado no Rexistro Internacional de Doadores de Médula Ósea e representa a España en dito rexistro.

O Servizo Galego de Saúde ven colaborando dende hai algúns anos coa Fundación co obxectivo de garantir o desenvolvemento do REDMO na Comunidade Autónoma de Galicia, mellorar a atención sanitaria dos galegos que precisen transplantes de proxenitores hematopoyéticos, mediante o fomento da doazón voluntaria e utilización dos laboratorios de histocompatibilidade para a realización de tipificación HLA aos candidatos a doador, así como para colaborar na obtención de proxenitores hematopoyéticos a través dos tres centros que o Servizo Galego de Saúde ten habilitados nos Complexos Hospitalarios Universitarios de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo.

Por outra banda, o Real Decreto-Lei 9/2014, de 4 de xullo, polo que se establecen as normas de calidade e seguridade para a doazón, obtención, a avaliación, o procesamento, a preservación, a almacenaxe e a distribución de células e tecidos humanos e se aproban as normas de coordinación e funcionamento para o seu uso en humanos, establece no seu art 26 que a aplicación de células e tecidos poderase realizar só naqueles centros ou unidades sanitarias que estean debidamente autorizados pola autoridade sanitaria competente, segundo o disposto no Real decreto 1277/2003, de 10 de outubro, polo que se establecen as bases xerais sobre autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios, e sempre que se cumpra cos requisitos e condicións mínimas recollidos no anexo I.4 do mesmo real decreto-lei.



Estes centros e unidades sanitarias deberán contar cunha autorización específica para cada actividade de aplicación ou implante de células e tecidos, e para cada tipo de células e tecidos. Por outra banda, o artigo 11.3 do mesmo Real decreto-lei 9/2014 esixe que, no caso de que os tecidos e/ou células vaian enviarse a un establecemento de tecidos para o seu procesamento, o procedemento de obtención, empaketado, etiquetaxe e transporte ata dito centro deberá constar nun documento acordado entre a unidade de obtención e o establecemento de tecidos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 7 de setembro de 2016.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo